

O Val das Mouras recupera a obra de Rosalía de Castro a través da súa proposta musical celta-folk



O Val das Mouras é unha formación celta-folk que basea a súa proposta musical na obra poética de Rosalía de Castro. A banda, que comparte nome cun lendario bosque galego, está formada por cinco músicos cataláns que hai dous anos decidiron emprender esta viaxe.

O seu primeiro disco, **Rosalía**, viu a luz en abril de 2015. Son 11 temas, 2 instrumentais e 9 poemas musicados, extraídos do libro '**Follas Novas**' de Rosalía de Castro. Trátase dunha das súas obras escritas integramente en galego, na que a poetisa retrata o papel da muller, a situación do emigrante e as desigualdades sociais, ao mesmo tempo que afonda nos sentimentos e na psicoloxía do ser humano.

O Val das Mouras naceu a finais de 2013, a partir do desexo de David Fernández (guitarra) de achegarse ás súas raíces galegas. Pronto empezaron a tocar en directo, en salas como o Depósito Legal ou a Sala Salamandra de L'Hospitalet de Llobregat, onde compartiron escenario coa artista galega Sés, ou no ciclo Nadal a la Seu de Terrassa. En abril de 2015 presentaron **Rosalía** no **Festival Barnasants**, un dos festivais de canción de autor máis importantes do país, no que tiveron unha gran acollida. En agosto, fixeron a súa primeira xira por Galicia.

En 2016 empezan forte e enchen sala **Luz de Gas** de Barcelona nunha nova edición do Barnasants. Ademais, xa están inmersos na preparación dos temas que formarán parte do seu segundo traballo discográfico.

[Escoita Rosalía](#)

O Val das Mouras son

Laura Lorenzo voz

David Fernández guitarra

Joana Marcè frauta

Àlex Rodríguez violoncelo

Carles Mesa percusión e acordeón

Atópaos

www.ovaldasmouras.com

facebook.com/ovaldasmouras

youtube.com/ovaldasmouras

Contacto

ovaldasmouras@gmail.com

David Fernández 666135294